

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **29 de marzo de 2022** a través de Teams, coa asistencia dos seguintes membros:

Alicia Gloria Risso Miguez, Ánxela María Bugallo Rodríguez, Blanca Laffon Lage, Cristina Pardo Carabias, David Posada Fernández, Eva María Espiñeira Bellón, Juan Carlos Rivadulla López, Lucía Vázquez Ben, Nuria Rebollo Quintela, Óscar González Iglesias, Pedro José Vega Marcote, Yolanda Golías Pérez.

Desculpan a súa asistencia os profesores Manuel Peralbo Uzquiano e María Mar Rodríguez Romero.

Comeza a sesión ás 17:00 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (16/11/2021).

Toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT Juan Rivadulla López e, como a acta fóra posta a disposición dos presentes a través do correo electrónico da convocatoria da reunión e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

2. Informe das actividades levadas a cabo na Facultade de Ciencias da Educación.

O profesor Pedro Vega Marcote, como presidente do Comité Ambiental, despois de dar a benvinda aos presentes á reunión e agradecer a súa asistencia, pasa a facer unha relación das actividades levadas a cabo na Facultade de Ciencias da Educación durante os últimos meses: colocación de carteis para promover a redución do uso do ascensor e máis da luz, caracterización (novamente) de residuos, análise da pegada ecolóxica da Facultade, proxecto Xerminando, auditoría de auga, actividade de compostaxe a cargo de persoal da OMA con visita ao composteiro da Facultade, elaboración (novamente) de mapa sonoro da Facultade a cargo de Verónica Torrijos, da OMA.

Tamén David Posada, como bolseiro da Facultade, relata a publicación nas redes sociais das actividades e contidos programados como parte de Marzo Ambiental e máis da recollida de residuos na praia. Igualmente, destaca a confección do xogo *PasaGreenCampus* (dispoñible en formato físico e online) para a promoción da sustentabilidade entre a comunidade universitaria da UDC, con especial atención ao alumnado, e informa sobre o contacto con diversas asociacións, mediante enquisa aberta, para a realización de obradoiros de contido ambiental no contexto universitario.

3. Proposta de actuacións para o 2º cuadrimestre do curso 2021/2022.

Ao fío das actividades realizadas (e/ou en curso), o profesor Pedro Vega anuncia a próxima exposición na Facultade dos paneis informativos sobre residuos elaborados pola OMA e que estará dispoñible durante todo o mes de abril.

Igualmente, vaise poñer en marcha unha nova campaña de concienciación para a redución da contaminación acústica da Facultade e se dará publicidade á problemática asociada ao cambio climático en liña coas actualizacións aportadas polo último Informe sobre o cambio climático do IPCC (Grupo Intergubernamental de Expertos sobre el Cambio Climático).

A profesora Cristina Pardo Carabias propón poñer a disposición do alumnado (p.ex. en Reprografía) botellas de metal personalizadas co logo do Green Campus (recentemente actualizado) para darlle promoción ao propio organismo e máis reducir o uso de botellas de plástico, aproveitando que as fontes volven estar operativas. A profesora Alicia Risso suxire colocalas na Cafetería, onde quizais teñan máis visibilidade.

O profesor Pedro Vega aproveita para informar de que se está a traballar a nivel de universidade para retirar das máquinas vending os produtos envasados en plástico, ou ben instalar un sistema que permita recuperar un sobrecusto ao devolver o plástico. Propón ademais a introdución de plantas na Facultade para facela máis “verde”. A idea é acollida con entusiasmo e a profesora Alicia Risso suxire o uso de paneis verticais. A profesora Ánxela Bugallo recorda a necesidade de consultar este tipo de cambios estruturais co Vicedecanato de Planificación, Sustentabilidade e Normalización Lingüística por tratarse dun edificio de autor, e engade a posibilidade de traballar no xardín inferior, buscando algún sistema de rego autosostible mediante o uso de auga de chuvia.

4. Quenda aberta de intervencións

Antes de dar paso á quenda aberta de intervencións, o profesor Pedro Vega suxire o cambio de Secretaría no Comité Ambiental. Preséntase voluntaria a profesora Lucía Vázquez Ben e apróbase por asentimento.

Aberta a quenda de intervencións, a profesora Alicia Risso pregunta por como se organiza finalmente o sistema de recollida de papel na Facultade (o servizo de limpeza extrae os contedores ao espazo habilitado para tal fin na zona exterior da planta 0 e Conserxería notifica ao Concello da Coruña, que pasa a recollelo nos días seguintes) e solicita dispoñer dun contedor de vidro, proposta que secundan varios membros do Comité. Ao saberse, grazas á profesora Blanca Laffon, que na Facultade de Ciencias



Comité Ambiental
Facultade de Ciencias da Educación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

dispoñen de contedores especiais para ese tipo de material nos laboratorios, decídese emitir unha solicitude para os laboratorios da propia Facultade de Educación.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18.15h.

A Coruña, 29 de marzo de 2022,

Lucía Vázquez Ben
Secretaria do Comité Ambiental